

" 100 VERSOS DESCOÑECIDOS "

Alén do mundo e das xentes,  
nun ermo adeus desexado,  
mornen arelas sen tino  
nos nosos corpos soñados.  
O bafo das tebras vírxenes  
veu xogar onte ó meu lado;  
as acerbas badaladas  
dun último réquiem  
cantado sen hazos.

Aínda vivo, latexante,  
o son das túas palabras;  
verbas esquivas e dóces,  
no meu peito aínda ecoaban.  
Verbas que tantas veces  
o noso ceo desgarraban,  
beizos equivocados  
que tantas outras  
me namoraran.

Xuntos os dous mergullados  
nos cumes da soedade.

-¡E o meu corazón se laiaba  
de non ter por quén laiarse!-  
Nas fronteiras dos meus soños,

coma unha esvaída imaxe,  
tremelocente a túa risa  
ó mencer  
vén espertarme.

E vai caendo a túa sombra  
nos brazos do meu ollar;  
sombra non hermética,  
sí revelada. Verbas de cristal.  
A cinsa dos teus ollos,  
onte brasas no meu lar,  
hoxe afoga, paseniño,  
nun berce de xelo,  
nun tépedo luar.

Axexante, sempre, agachada  
tra-los eidos da misa calada,  
na xanela da túa xuventude  
non desvelada, sí insospeitada.  
Saloucos mudos nos teus beizos,  
espellos cegos na túa cara..  
A túa ialma perdín na fronteira  
sen máis fronteira  
cá túa ialma.

Borra xa, cedo, as cadéas  
de sangue, de idades, xamáis...  
Baixa ós pozos infinitos,,

onde non haxa nada que xuzgar,  
-¡Ó ar botaba os meus bicos  
por non ter a quén bicar!-  
nin trabas, nin tempos,  
nin voces, nin corpos;;  
que ceibes puidesemos voar.

Atinxindo climas de ferro,  
levando dos soños o doce arrecendo.  
-Unha pantasma retranqueira  
flota no ar do teu vento-  
Hai unha pomba dourada  
na luz dos teus ollos baleiros.  
Levo o sabor de noites estragadas  
que puideron ser máxia  
no mol estío,  
no cru inverno.

Albiscando futuros probables  
tan tanxibles coma a túa voz.  
Letáis cadéas de esperanzas,  
¡todo nun intre crebou!.  
E as distancias, tan de fume,  
mornos bafos do solpor;  
tíñao colliído tan forte,  
nas mans asido tan preto  
que así das mans me esvarou.

Testemuñas de tentos sen fondo.  
Xogos, adiviñas, indirectas.  
No ceo da túa risa clara  
abanea unha faísca de estrela.  
Un aloumiño a distancia.  
Un afán tolo, unha paixón viva e incerta.  
Sen querer e paseniño  
do mar dos teus segredos  
fun raíña, fun seréa.

Arredando niños de luces,  
da ialma esquecendo os anceios,  
mergullados na fondura  
do esgarecido noso silencio.  
Alí estou eu: amazona  
das nosas mudas palabras. Certo.  
Reis do palpable. Sentimentos  
cegos nos corpos baleiros.  
Todo está chéu de tí, todo chéu.

Lembranzas, deitadas nun recanto,  
dunha fame que quedou por saciar.  
I ese destexerse do tempo sen calendarios,  
i ese ignoto desexo, i esas gañas de voar.  
I ese eslabón perdido, dunha cadea  
que xamáis se pechará.  
I os cadaleitos da maxia  
que cecais non voltará.  
Cecais...